

## Poxa de aproveitamentos madeirables

A Asociación Forestal de Galicia anuncia a convocatoria dunha poxa de aproveitamentos madeirables dun total de 1 lote na Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Randufe (Tui), que se relacionan de seguido:

LOTE	MONTE	CONCELLO	LUGAR	ESPECIE	Nº PÉS	VOLUME ESTIMADO (m <sup>3</sup> cc)	PREZO BASE (€)	OBSERVACIÓNS
Randufe 2/2023	Veciñal de Randufe	Tui	Rodal 10.1, 10.2 (5,75 ha)	<i>Pinus pinaster</i> <i>Eucalyptus globulus</i>	1.499 21	1.399,11 15,25	56.250	Corta a oito Certificado PEFC e FSC. Restos de corta deberán ser estelados ou triturados.

Os tipos base de licitación son os indicados no cadro anterior, non admitíndose ofertas por debaixo dos valores. Establécese ademais un prezo índice (superior ó prezo base) para cada lote que se reserva a parte vendedora, e que figurará no seu sobre pechado que será aberto simultaneamente coas plicas de oferta. A mesa de adxudicación resolverá no acto se procede ou non a adxudicación provisional dos lotes subastados.

O prego de condicións atópase dispoñible na oficina da Asociación Forestal de Galicia no Centro Cultural Xinzo en Pontearreas.

Cada licitador presentará un sobre pechado individual para cada oferta coa proposición económica formalizada segundo modelo que se facilitará ós interesados e acompañando copia do seu DNI.

A apertura de plicas, levarase a cabo **xoves día 9 de novembro de 2023 ás 20:00 horas no Centro Cultural de Randufe (Tui)**. A asistencia persoal dos licitadores á poxa é requisito necesario para poder ser adxudicados os lotes.

**Presentación de ofertas:** as ofertas presentaranse dende o día 6 novembro ata o día 9 de novembro de 2023, na oficina da Asociación Forestal de Galicia, sita no Centro Cultural de Xinzo (Pontearreas), en horario de 9:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Establécese unha fianza do 10 % do valor de alleamento do aproveitamento madeirable. Esta fianza farase efectiva no acto de adxudicación provisional.

Os lotes de madeira deberán ser pagados antes dos 30 días naturais seguintes á adxudicación provisional .


Na apertura das plicas permitirase un receso de 10 minutos no caso de non atoparse presentes todos os licitadores.

➤ A información das persoas responsables de amosar a localización do lote e outros datos é:

○ **CMVMC de Randufe: Javier 650.601.842**

Os licitadores polo mero feito de presentarse a poxa sométense e aceptan expresamente todas as condicións xerais e do aproveitamento descritas no prego de condicións polo que se rexe a mesma, e que se poderá solicitar no mesmo lugar de presentación das plicas.

En Pontearreas, a 6 de outubro de 2023



José Manuel Regueiro Fernández  
Enxeñeiro Técnico Forestal

Lote 2/2023

<b>Especie</b>	<b>Idade</b>
<i>Pinus pinaster</i>	<b>40</b>
<b>Clase diamétrica</b>	<b>Nº de pés</b>
7 a 10	18
11 a 15	34
16 a 20	104
21 a 25	176
26 a 30	238
31 a 35	292
36 a 40	276
41 a 45	192
46 a 50	104
51 a 55	40
56 a 60	14
61 a 65	7
66 a 70	3
71 a 75	1
76 a 80	0
81 a 85	0
86 a 90	0
<b>Total</b>	<b>1.499</b>

<b>Especie</b>	<b>Idade</b>
<i>Eucalyptus globulus</i>	<b>10</b>
<b>Clase diamétrica</b>	<b>Nº de pés</b>
7 a 10	3
11 a 15	2
16 a 20	5
21 a 25	2
26 a 30	1
31 a 35	5
36 a 40	1
41 a 45	1
46 a 50	0
51 a 55	1
56 a 60	0
61 a 65	0
66 a 70	0
71 a 75	0
76 a 80	0
81 a 85	0
<b>Total</b>	<b>21</b>

## MODELO DE PROPOSICIÓN

D. ...., maior de idade con D.N.I.: .....  
(fotocopia adxunta), actuando en nome de .....  
con C.I.F.: .....e domicilio social en ..... provincia de  
..... ben enterado e aceptando os pregos de condicións e demais  
documentos relativos a poxa que se celebrará o día 24 de febreiro de 2023 ás 20:00  
horas no Centro Cultural de Randufe (Tui). A asistencia persoal dos licitadores á poxa é  
requisito necesario par horas no Centro Cultural de Randufe (Tui).

OFRECE polo lote nº \_\_\_\_ do monte de \_\_\_\_\_ a cantidade (en letra)  
.....euros  
(en número) ..... €.

En .....a ..... de ..... de 2023